

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 19/05/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

PAOLA MARIA MOCHALES

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 19/05/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 12-may-2025, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/1752

A Casa de Cultura, en especial a Sala Rivas Briones, presenta desde hai anos graves problemas de filtracións de auga e humidades, o que obriga á realización periódica de labores de saneamento e pintado no interior do edificio.

No mes de febreiro do presente ano procedeuse á reparación do canlón e da fachada interior, por un importe de 4.9295,50€, actuación priorizada tras a inspección realizada polos técnicos municipais. Unha vez resolta esa parte urxente, é necesario acometer agora a reparación da fachada exterior do edificio e do lucernario da sala municipal de exposicións.

No caso concreto do lucernario, a estrutura atópase nun estado moi deteriorado, o que supón un risco de desprendemento en condicións meteorolóxicas adversas. Por tanto, a súa reparación considérase urxente e imprescindible para garantir a seguridade das instalacións.

CARACTERÍSTICAS E IMPORTE DAS OBRAS A EXECUTAR:

OBRA	DESCRIPCIÓN DAS REPARACIÓNS A REALIZAR	IMPORTE IVE INCLUIDO
Reparación do lucernario	- Desmontaxe de chapas do lucernario, saneamento de estrutura do mesmo, retirando os escombros a un vertedoiro autorizado. - Colocación de placas de policarbonato celular, protección UV. - Celado e colocación con goma de uña no exterior do lucernario. - Montaxe e desmonte andamio europeo para a execución dos traballo.	15.185,50 €
Reparación fachada exterior do edificio	- Lavado da fachada principal con máquina de auga a presión. - Rexuntado da pedra en toda a cornixa con resina elástica imitación pedra. - Pintado dos entrepanos da fachada, coa cor que elixa a propiedade. - Pintado das varandas dos balcóns e aplicación de impermeabilizante para pedra na fachada.	14.278,00 €

	• Pintado do recibidor da entrada principal. • Montaxe e desmontaxe de andamio europeo para a execución dos traballos e/ou máquina elevadora.	
TOTAL		29.463,50 €

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa REFORMAS TREBOL, S.L. con CIF: B-94128675, por un importe total de 29.463,50 €, con cargo á partida 334.63200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1808

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música ou un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en Arzobispo Gelmirez nº36, os días 20, 21, 22, 23, 24 e 25 de maio de 2025 en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30, con motivo da festividade de Santa Rita, así como poñer unha pulpeira ou asar churrasco os mesmos días en horario de 13:00 a 18:00 e de 20:00 a 23:00 horas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado para os días 20, 21, 22, 23 e 24 de maio, para o día 25 só en horario de 12:30 a 14:30 horas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1840

Dáse conta do escrito presentado por Bloque Nacionalista Galego, solicitado autorización para ocupación da vía pública na Praza de Galicia o día 10 de maio de 2025, en horario de 11:00 a 13:30 horas, para realización de actividades para difundir a convocatoria nacional pola lingua, por parte da Plataforma Queremos Galego.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1853

Dáse conta do escrito presentado por Club Arosa SC, solicitado autorización para ocupación da vía pública na Praza de Galicia o día 10 de maio de 2025, en horario de 11:00 a 14:00 horas, coa instalación dunha carpa, para darlle publicidade e animación ao partido do Arosa SC contra o Alondras CF no Campo Municipal de A Lomba.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1872

Dáse conta do escrito presentado Dona Julia Maria Vieira Martinez, solicitando autorización para colocación dun posto para venda de produtos textís na Parroquia de Carril, con motivo da festividade do 17 de maio de 2025.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1881

Na X.G.L. do día 04/09/2024 aprobouse o seguinte acordo:

“A adxudicación á empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L. dun servizo de migración da aplicación informática de xestión da Policía Local EUROCOP VB á versión CUBE, a forma de explotación será en modo Cloud Computing e un servizo de aloxamento Cloud, para o período do 01/10/2024 ao 31/12/2024 por un importe de 665,50 € IVE incluído.”

Actualmente a nova aplicación EUROCOP CUBE está instalada e realizada a migración e posta en marcha e varios módulos.

O seguinte paso necesario e urxente é a posta en marcha do módulo de cuadrantes e xestión de persoal da plantilla da policía local, este módulo é totalmente distinto ao da aplicación anterior, polo tanto non é posible a migración de datos. Debe realizarse unha formación aos xestores deste módulo debido a súa complexidade e levar a cabo a súa posta en marcha, configuración, parametrización etc.

Para poder realizar as actuacións anteriores é totalmente necesario a contratación dunha bolsa de trinta horas de formación sobre o módulo de cuadrantes da aplicación EUROCOP CUBE a impartir aos administradores deste módulo.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L. unha bolsa de TRINTA horas de formación para a posta en marcha do módulo de cuadrantes da aplicación EUROCOP CUBE da Policía Local, por un importe de 2.032,80 € IVE incluído, con cargo á partida 221.16200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1928

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Goretti Fariña Caamaño , en representación de Asociación Manos Unidas, solicitando autorización para instalar un mercado solidario de produtos reciclados a beneficio da citada Asociación na Praza de Galicia o día 27 de maio de 2025, en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1931

Dáse conta de resolución da Consellería de Economía e Industria pola que unha vez presentado un escrito de alegacións, se recoñece a condición como persoa interesada de D. Alberto Varela Paz, en nome e representación do Concello de Vilagarcía de Arousa, no procedemento relativo ao proxecto dunha planta de produción de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei (Lugo), promovida por Greenfiber SL. (ALTRI).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1932

Dáse conta do escrito presentado por D. José Lino Esperato Couto, con domicilio en Ava. Nuestra Sra. de los Angeles 39, en relación coas queixas por incidencias na falta de recepción de canais de TV despois do apagón eléctrico do pasado 28 de abril. (Mega, Trece TV, etc).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o escrito a Red Eléctrica aos efectos oportunos.

PRP2025/1967

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blando, como Presidenta do Centro Comercial Aberto de Vilagarcía, solicitando autorización para organizar unha actividade o sábado 24 de maio de 2025, na Praza do Castro por parte dos locais de hostalería situados na mesma, en horario de 16:00 a 23:00 horas, cun grupo de música e un DJ con motivo das festas de Santa Rita.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a citada actividade, en horario de 15:00 a 22:00 horas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/1905

Dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da certificación emitida pola Xefatura Territorial de Política Social de Vigo en relación co pagamento do SAF correspondente ao 1º trimestre do ano 2025.

Mes de xaneiro: 55.066,68 €

Mes de febreiro : 53.774,40 €
Mes de marzo: 52.989,96 €
Total nómina neta 1º trimestre: 161.831,04 €
Total devengado: 161.831,04 €
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1906

Dende a Área de Servizos Sociais dáse conta á Xunta de Goberno Local da comunicación de pagamento remitida pola Dirección Xeral de Inclusión Social en relación ao anticipo do 50% no 1º cuadrimestre do 2025 da cantidade financiada en 2024 ao abeiro do disposto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

1º anticipo do 50% da transferencia finalista: 112.661,50 €
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EMPREGO

PRP2025/1866

Pola Área de Promoción Económica dáse conta da resolución da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía unha axuda no marco da convocatoria de axudas para o impulso dunha rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos.

O Concello solicitou, no seu día, a cantidade de 28.004,93 € (IVE incluído) en concepto de axuda para realizar as actuacións detalladas na memoria, estimándose a aportación municipal en 9.421,23 €.

Por resolución notificada ao Concello o 28 de abril de 2025, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo acorda conceder a cantidade de 28.004,62 € en concepto de axuda.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora da CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O IMPULSO DA REDE DE MERCADOS EXCELENTES DE GALICIA E PARA A DINAMIZACIÓN E REVITALIZACIÓN DAS PRAZAS DE ABASTOS PARA O 2025, POR CONTÍA DE 28.004,62 €

- Atendendo á resolución de concesión, A APORTACIÓN MUNICIPAL ASCENDERÍA A 9.421,54 € (20% do investimento máis o custo do servizo de reparto a domicilio dos meses de novembro e decembro de 2025), con cargo á partida 4311.22610.

PRP2025/1919

Vista a proposta do Concelleiro de Promoción Económica e Emprego e da Directora do O.E. Forme 2024, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa KAEME CONSULTORÍA Y PREVENCIÓN, S.L. contratación do servizo de formación na materia complementaria de INSERCIÓN LABORAL E TÉCNICAS DE BÚSQUEDA DE EMPREGO (FCOO01), 15 Horas ao alumnado do Obradoiro Dual de Emprego "FORME 2024" das especialidades de (MAMD0209/MAMS0108) Traballos e instalacións de elementos de carpintería e moble e (EOCB0209/EOCB0108) Fábricas de Albanelería e operacións auxiliares de revestimentos e acabados. por un importe de 750,00€ (Importe exento IVA) con cargo ao MÓDULO B da subvención para gastos de formación e funcionamento do proxecto 2024/3/FORME/1, con cargo á partida 2412.22799, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/1864

O martes 27 de maio de 2025, vaise levar a cabo unha visita guiada a Padrón co alumnado de “Camiños de Coñecemento”, o ciclo de conferencias que se celebrará no Auditorio Municipal para persoas maiores de 50 anos do municipio de Vilagarcía de Arousa durante o mes de maio do presente ano.

A clase do 27 de maio será impartida no municipio de Padrón polo profesor universitario D. Victoriano Nodar da Universidade de Santiago de Compostela, xa que o título da conferencia é “Orixe do culto xacobeo: historia e lenda”.

Pola Concellería de Educación non se sabe con exactitude o número de asistentes, pero o que si que será un número entre 50 e 100 persoas.

Polo exposto, sería necesaria a contratación do servizo de de 2 autocares. A contratación do servizo será en función do número de asistentes, e polo tanto, o orzamento previsto podería reducirse á metade, en función do número de participantes finais, tal e como está convenido coa empresa. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para traslado de participantes en “Camiños de Coñecemento” a Padrón, coa EMPRESA PEREIRA SL, CIF: B36030997 por importe de 600€ + 10%IVE, o que fai un total de 660€ (IVE incluído), polo servizo de dous autocares, ata Padrón e regreso a Vilagarcía, con cargo á partida 320.223.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1893

Dáse conta pola Directora do Conservatorio Profesional de Música de que dentro da programación do Festival clasclás 2025 o ensemble AL AYRE ESPAÑOL, Premio Nacional de Música 2004, ofrecerá un concerto no Auditorio Municipal o venres 27 de xuño ás 21:00 horas. Que esta agrupación historicista precisa dun clave para ofrecer este concerto sendo habitual neste tipo de recitais, e derivado do tamaño do instrumento, que o organizador asuma o custo do aluguer deste instrumental non transportable. O resto dos instrumentos son transportables e propiedade de cada membro do grupo.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona NÚRIA SUÁREZ GARCÍA, con NIF 32762181S polo importe total de 1.028,50 € (850,00 € + 178,50 € do 21 % do IVE) para aluguer dun clave de dous octavas para a realización do concerto do día 27 de xuño de 2025 a cargo de AL AYRE ESPAÑOL programado dentro do Festival clasclás 2025, e con cargo á partida 3261 205 do Proxecto con código 2025-3-CRTE-5 LIÑA 2.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1896

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación coa necesidade de contratación dos Servizos de Imprenta do Festival clasclás 2025, que nesta ocasión se limitarán á impresión de polípticos xerais e parte dos programas do festival Internacional de Música ClasClás 2025.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar os servizos de imprenta para o Festival clasclás 2025

(1.500 polípticos e 3.718 programas de 7 concertos diferentes) á Empresa Baños Print S.L., con CIF B36252872 polo importe total de 1.320,30 € (1.091,16 € + 229,14 € do IVE) con cargo a partida 3261 22602 (Proxecto con código 2025-3-CR RTE-5 Liña1), de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1897

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, indicanco que para o correcto desenvolvemento do programa de concertos da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025 é preciso é necesario proceder ao aluguer

dun piano de cola Steinway & Sons D274 para desenvolver todos os concertos do festival, desde o día 25 ata o día 26 de xuño inclusive

Vista a citada proposta, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa HINVES PIANOS, SL, con CIF B18651901, por un importe de 3.985,74 € (3.294,00 € + 691,74 € do IVE) con cargo á Partida 3261 205 (Proxecto con código 2025-3-CR RTE-5 Liña 2)

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1901

Pola Concellería de Cultura dáse conta de que o domingo 8 de xuño de 2025, en horario de mañá, celebrarase na Praza da Peixería de Vilagarcía de Arousa a II edición da Feira Científica SalnésCiencia, un evento no que participa alumnado de Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato dos centros educativos da comarca do Salnés.

Esta iniciativa ten como obxectivo poñer en valor o traballo desenvolvido nos clubs de ciencia, proxectos de investigación escolar e nos denominados polos creativos. O ano pasado a feira celebrouse no concello de Cambados, e nesta edición será Vilagarcía a localidade anfitriona.

A Xunta de Goberno local acorda aprobar a Adquisición de 300 camisetas económicas azuis 100% algodón con impresión a una cor por diante, co logotipo SalnésCiencias Vilagarcía de Arousa, de conformidade co orzamento presentado por Dona Débora Fontenla Oliveira (LAMARKA Publicidade), por un importe de 1.379,40 € (IVE incluído), e autorizar o gasto con cargo á partida orzamentaria 320.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1910

Dáse conta de comunicación do Servizo de Promoción da Cultura da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, o cal figura como Anexo I a este informe, comunicando a aportación que este departamento realizará para a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025, e que ascende a 8.000,00 € + o IVE, o cal supón un total de 9.680,00 €.

Dita aportación correspondería á Liña 4 de financiación do proxecto de orzamento do festival clasclás 2025-3-CR RTE-5, aínda que esta cantidade non se executará a través do Concello senón que a Consellería aboará directamente unha serie de facturas correspondentes ao festival.

Visto o informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local queda sabedora da colaboración económica da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia para a VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025, estipulada en 8.000,00 € + IVE o que

fai un total de 9.680,00 €, e que se proceda a anular as seguintes propostas de gasto xa adxudicadas pola Xunta de Goberno Local e o reintegro dos importes á partida 3261.22706:

- Gastos de servizo de Coordinación e Producción do Festival clasclás 2025, por Marta Barrecheguren Fernández, polo importe total de 3.872,00 €, adxudicado pola XGL na sesión do 27/01/2025.

- Gasto de Foto e vídeo do Festival clasclás 225 a cargo de Pablo Jueguen García, polo importe total de 4.961,00 €, PRP2025/0634, adxudicado pola XGL na sesión do 24/02/2025.

PRP2025/1924

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música na que indica que para o desenvolvemento da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025 compre realizar a proposta de gasto para a afinación de tres pianos do Conservatorio Profesional de Música. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Tigrán Poghosyan Gharibyan polo importe total de 363,00 € (300,00 € + IVA (21%) 63,00 €) con cargo á partida 2025 3261 22706 do Proxecto con código 2025-3-CRTE-5- LIÑA 1, para a afinación de tres pianos do Conservatorio Profesional de Música.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/1925

Dáse conta polo Departamento de Medio Ambiente da chegada o día 25/04/2025 dunha resolución da dirección da entidade Augas de Galicia no expediente sancionador con clave DH.D36.101973 incoado por Augas de Galicia ao Concello de Vilagarcía de Arousa por desatención dun requirimento en relación cun vertido de augas residuais en condicións inadecuadas á ría de Arousa procedente das instalacións municipais de saneamento no parque de Dona Concha (Clave DH.D36.101973) pola que se declara responsable ao Concello da comisión dunha infracción de carácter leve tipificada no artigo 85.k) da Lei 9/2010 (desobediencia ás ordes ou requirimentos do persoal de Augas de Galicia no exercicio das funcións que ten encomendadas.....) e se impón unha sanción de 500 €.

Este expediente sancionador baséase nunha denuncia de Portos de Galicia que deu lugar a inspección da Gardería de Augas de Galicia os días 29/05/2024 e 05/06/2024 no parque de Dona Concha que constatou un vertido de augas residuais en condicións inadecuadas á ría de Arousa procedente de instalacións municipais de saneamento situadas nese lugar.

O Concello adoptou diversas medidas para atender o requirimento que, segundo se recolle na proposta de resolución remitida no seu día por Augas de Galicia, están a funcionar, aínda que se impón igualmente unha sanción polo retraso na atención do requirimento.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento da obriga, a aprobación do gasto e aboamento da multa por importe de 500 € co aboamento a través do impreso que se achega coa resolución, con cargo á partida 929.22699.

O importe das sancións recibidas entre os días 16 e último día de cada mes, deberá aboarse ata o día 5 do segundo mes seguinte ou o inmediato posterior a partir da notificación da presente resolución (notificación recibida o día 25/04/2025, polo que deberá aboarse antes do día 05/06/2025).

Unha vez efectuado o pagamento, deberase remitir unha copia do xustificante bancario a Augas de

Galicia.

Acórdase a adopción das medidas que se consideren oportunas para intentar eliminar o punto de vertido.

CULTURA

PRP2025/1832

A Resolución do 10 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, cara ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, (DOG nº 29 do 12 de febreiro de 2025) regulan o procedemento de solicitude, concesión e xustificación para a promoción da actividade artística.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de concesión da subvención en réxime de concorrencia non competitiva polo importe solicitado de 3.500,00 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a aportación municipal, por importe de 5.607,00 €, con cargo á partida 334.22609 para o desenvolvemento do Programa Cultura no Camiño 2025, coa seguinte desagregación:

	DATA	GRUPO	Tipoloxía	IMPORTE
1	15/06/2025	ARTEFEITO	Teatro	726,00 €
2	15/06/2025	CULTURACTIVA	Teatro	1.936,00 €
3	15/08/2024	FESTICULTORES	Música	4.840,00 €
4	17/08/2025	NELSON QUINTEIRO	Teatro na rúa	1.650,00 €
TOTAL CACHÉS				9.107,00 €
SUBVENCIÓN AGADIC				3.500,00 €
CONCELLO				5.607,00 €

PRP2025/1935

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación Veciñal O Souto, por un importe total de 1.996,54 €:

Provedor	Importe	Partida	concepto
CASTROMAN I SL	1.087,22	334-22703	Compra material diverso
MADERAS J. REDONDO, S.L.	818,69	334-22703	Material reforma cociña
Enrique M. Rodríguez Barreiro, S.L.	90,63	334-22703	Chapa inox

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/1945

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a celebración das FESTAS SANTA RITA 2025 cun importe total de 28.090,34€(estimativa), que se indica a continuación:

NOME FISCAL	NIF	CONCEPTO	B.I.	I.V.E (21%)	TOTAL
ASOCIACIÓN CULTURAL SE CHOVE QUE CHOVA O GROVE	G1079717 3	Actuación Grupo KSAIS o 24 de maio en A Xunqueira	600,00 €	EXENTO	600,00 €
ARTISTAMENTE S.L.	B6751581 7	Actuación DJ Oscar con disco mobil o día 24 de maio en Alameda	380,00 €	79,80 €	459,80 €
REVENIDAS S.C.	J9411767 8	Producción concreto "The Rapants Vilagarcía" o día 24 de maio en A Xunqueira	5.400,00 €	1.134,00 €	6.534,00 €
PIROTÉCNIA PENIDE S.L.	B1520943 0	BOMBAS	1.400,00 €	294,00 €	1.694,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL BRISAS DO RIO ULLA	G3654394 0	PASACALLES	350,00 €	EXENTO	350,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL OS XIRIFEIROS	G3643979 2	PASACALLES	391,00 €	EXENTO	391,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA	G3643694 7	PASACALLES	391,00 €	EXENTO	391,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL MALVEIRAS	G3613667 9	PASACALLES	391,00 €	EXENTO	391,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL A NOSA SRA. DA XUNQUEIRA	G3616043 0	PASACALLES	350,00 €	EXENTO	350,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL MOCEDADE DA TORRE 83	G3618581 7	PASACALLES	391,00 €	EXENTO	391,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL AIRIÑOS DO CARRIL	G9400600 4	PASACALLES	350,00 €	EXENTO	350,00 €
ASOCIACIÓN C ULTURAL STA.PLÁCIDA DE RUBIÁNS	G3611450 2	PASACALLES	391,00 €	EXENTO	391,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL A QUEIMADA	G4483338 2	PASACALLES	350,00 €	EXENTO	350,00 €
ASOCIACIÓN CULTURAL CORTEGADA	G3616885 4	CORAL	391,00 €	EXENTO	391,00 €
ASOCIACIÓN MUSICAL ORFEÓN DE VOCES GRAVES AROUSA	G9418307 6	ACTUACIÓN O DÍA O 23 DE MAIO NO SALÓN GARCÍA	600,00 €	EXENTO	600,00 €
OCIO SPORT AROUSA S.L.	B9415215 4	ALUGUER MODULOS WC	1.800,00 €	378,00 €	2.178,00 €
CLECE S.A.	A8036424 3	SERVIZO EXTRAORDINARIO LIMPEZA	389,21 €	81,73 €	470,94 €
ILUMINACIONES SANTIAGUESAS	B1527935 9	ALUGUER XENERADORES ELÉCTRICOS	3.080,00 €	646,80 €	3.726,80 €
GRÁFICAS ANDURIÑA	B3610817 5	Impresión programas (3000)	480,00 €	100,80 €	580,80 €
SGAE		tasas (estimativos)			2.500,00 €

PRENSA, RADIO, TV		Prensa (estimativo)			5.000,00 €
TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)					28.090,34 €

CONTRATACIÓN

PRP2025/1851

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra polo que se concede ao Concello de Vilagarcía a cantidade de 123.065,63 €, con destino ao financiamento de "Gasto corrente derivado da programación cultural, deportiva e social" ao abeiro do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan + Provincia 2025) (Liña 2):

	Orzamento	Subvención
VIII Festival Internacional de Música clasclas	30.000,00 €	30.000,00 €
Espectáculo combate naval Vilagarcía 2025	46.943,53 €	46.943,53 €
Proxecto Convive	8.978,20 €	8.978,20 €
Teatro social	4.864,20 €	4.864,20 €
Prevención adicción ás pantallas	3.714,70 €	3.714,70 €
Obradoiros para a prevención da adicción aos xogos de azar	3.690,50 €	3.690,50 €
Programa para fomentar a igualdade de xénero	13.246,50 €	13.246,50 €
Taller de estimulación cognitiva e psicomotricidade	11.628,00 €	11.628,00 €
TOTAL	123.065,63 €	123.065,63 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1871

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 29 de decembro de 2023, previa solicitude, concédese a este Concello unha subvención para a REDACCIÓN DO PROXECTO DE HUMANIZACIÓN E PEATONALIZACIÓN DA RÚA ESPERANZA, por importe total de 16.280,55 €.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 15 de marzo de 2024, adxudicouse o contrato menor de servizos para a redacción do proxecto de Humanización e peonalización da rúa Esperanza, á sociedade SOLIDO ESTUDIO DE ARQUITECTURA, S.C. (NIF J94113487) por un importe de 10.285,00 € (IVE engadido), cofinanciado pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra mediante subvención concedida pola REDE ÁGORA para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís.

Examinada a normativa vixente e a documentación remitida polo Concello, por parte dos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra emítese Informe de Adecuación Técnica FAVORABLE, en data 28 de abril de 2025 polo arquitecto da área de Espazo Público e Mobilidade Alternativa.

O proxecto preséntase electronicamente na sede electronica do concello, polo arquitecto Juan Antonio Villanueva Ruíz redactor do mesmo o 14 de marzo de 2025, presentando unha nova versión adaptada ás bases da convocatoria. Consta dun único arquivo en formato PDF que contén a documentación escrita e gráfica suficiente para a execución das obras. Mantéñense as características e solucións básicas da intervención pero se introduciron as modificacións derivadas do requirimento da Deputación. Como resultado desas modificacións, o Orzamento de Execución Material incrementouse lixeiramente pasando a totalizar 289.503,10 €.

A actuación proxectada consiste na renovación do pavimento da Rúa Esperanza e Travesía Lucena, sustuíndo as instalacións de abastecemento de auga, iluminación, saneamento e pluviais e mesmo xerando infraestrutura para as acometidas domiciliarias de electricidade e

telecomunicacións. Asemade propón a instalación dun pavimento de pedra de grá silvestre gris similar ao utilizado na Rúa do Carme, perpendicular á propia Rúa Esperanza.

O arquitecto municipal emitiu informe de supervisión favorable o 14 de marzo de 2025.

Con data 18 de marzo de 2025 foi solicitada autorización sectorial á Axencia Galega de Infraestructuras para realizar, na confluencia coa Avda. Rosalía de Castro, o entroke da rede de abastecemento de auga e a conexión da rede eléctrica e rede de telecomunicacións. Dita autorización aínda non foi outorgada, sendo o prazo máximo para resolver de 6 meses, entendéndose desestimada a solicitude no caso de non resolver no prazo indicado.

O orzamento base de licitación deste proxecto ascende á cantidade de 416.855,51 € (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 4 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Proxecto de humanización e Peonalización da Rúa Esperanza”, redactado polo arquitecto don Juan Antonio Villanueva Ruíz, cun orzamento de licitación de 416.855,51 € (IVE engadido).

2.- Darlle traslado deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra conforme se indica na base reguladora décimo quinta da Subvención para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos nos Concellos da REDE ÁGORA 2023.

PRP2025/1873

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 29 de decembro de 2023, previa solicitude, concédese a este Concello unha subvención para a REDACCIÓN DO PROXECTO DE PEATONALIZACIÓN DA RÚA VICENTE RISCO NUN TRAMO DA PRAZA DE ESPAÑA, por importe total de 16.280,55 €.

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 15 de abril de 2024, adxudicouse o contrato menor de servizos para a redacción do proxecto de peonalización da rúa VICENTE RISCO NUN TRAMO DA PRAZA DE ESPAÑA, ao Arquitecto don Iago Fernández Puentes (NIF 46903614J) por un importe de 8.712,00 € (IVE engadido), cofinanciado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra mediante subvención concedida pola REDE ÁGORA para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís.

Examinada a normativa vixente e a documentación remitida polo Concello, por parte dos técnicos da Deputación Provincial de Pontevedra emítese Informe de Adecuación Técnica FAVORABLE, en data 07 de maio de 2025 asinado polo Xefe de sección de proxectos.

O proxecto preséntase electronicamente na sede electrónica do concello, polo arquitecto Iago Fernández Puentes redactor do mesmo o 31 de marzo de 2025, presentando unha nova versión adaptada ás bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da rede AGORA. Consta dun único arquivo en formato PDF que contén a documentación escrita e gráfica suficiente para a execución das obras e mantén as solucións da intervención proposta.

As obras descritas tratan da urbanización para peonalización e humanización da rúa Vicente Risco e un tramo da Praza de España. Estas dúas vías supoñen na actualidade un itinerario de circulación rodada que unicamente servían para permitir un cambio de sentido aos vehículos que circulaban pola Av. Doutor Tourón. Certamente existe unha discrepancia coa memoria presentada en 2023 pero foi debida a unha omisión involuntaria xa que carece de sentido manter a circulación rodada no vial sur da Praza de España si se elimina o tráfico na rúa Vicente Risco.

As actuacións teñen como obxectivo a rexeneración urbana e a mellora das condicións de accesibilidade coa finalidade de dar continuidade ao itinerario que provén da rúa Covadonga e mesmo dotar de coherencia e unidade de conxunto ao contorno da Praza de España.

O proxecto inclúe un orzamento debullado en capítulos e partidas que coinciden co orzamento previsto na anterior versión do proxecto. Non hai polo tanto ningunha variación do orzamento de licitación respecto do inicialmente presentado.

O arquitecto municipal emitiu informe de supervisión favorable o 02 de abril de 2025.

O orzamento base de licitación deste proxecto ascende á cantidade de 400.000 € (IVE engadido).

O prazo de execución establecido no referido documento técnico é de 8 meses.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Proxecto de Peonalización da Rúa Vicente Risco nun tramo da Praza de España”, redactado polo arquitecto don Iago Fernández Puentes, cun orzamento de licitación de 400.000 € (IVE engadido).

2.- Darlle traslado deste acordo á Deputación Provincial de Pontevedra conforme se indica na base reguladora décimo quinta da Subvención para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos nos Concellos da REDE ÁGORA 2023.

PRP2025/1908

A Xunta de Goberno Local do concello de Vilagarcía de Arousa, celebrada o 31 de maio de 2025, entre outros acordos, aprobou o proxecto técnico denominado «Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e Travesías Rosalía de Castro», cun orzamento de execución por contrata de 50.595,94€

Tramítase a instancia da Concellería de Servizos e Obras Públicas, expediente de contratación para adxudicar as obras incluídas no proxecto «Ampliación de saneamento na rúa Torre de Guillán e rúa Bernardas, ditándose Providencia de Incoación, con data 27 de decembro de 2024.

Consta autorización de Augas de Galicia, de data 27 de marzo de 2023, para as obras descritas no proxecto técnico de referencia. Con data 21 de abril de 2025, foi concedida prórroga por Augas de Galicia, ampliando o prazo para a realización dos traballos ata o 31 de maio de 2026.

No expediente constan, entre outros, os seguintes documentos: memoria xustificativa de necesidade, providencia de incoación, proxecto técnico (que inclúe as prescricións técnicas), informe de non división en lotes prego de cláusulas administrativas particulares e informe xurídico. Polo exposto, e visto que o expediente de contratación foi completado, previa incorporación do informe de fiscalización pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, para adxudicar o contrato de obras de «Ampliación de saneamento na rúa Torre de Guillán e rúa Bernardas».

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e os seus anexos, que rexerán as relacións entre as partes do contrato, cun orzamento de licitación (IVE incluído) de 88.837,84€.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe de 88.837,84€, con cargo á aplicación orzamentaria 160 61900.

